

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-I-19

PARTE 1 (Texto escrito)


A continuación, lea vostede este artigo sobre a intelixencia artificial. Tome as notas que precise:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Cara a onde nos leva a intelixencia artificial?

Pode a intelixencia ser artificial?

A intelixencia artificial pode definirse como o medio polo cal as computadoras, os robots e outros dispositivos realizan tarefas que normalmente requiren da intelixencia humana. Por exemplo, son quen de resolver certo tipo de problemas, de discriminar entre distintos obxectos ou de responder a ordes verbais. A intelixencia artificial agrupa un conxunto de técnicas que, mediante circuitos electrónicos e programas avanzados de computadora, pretende imitar procedementos similares aos procesos indutivos e dedutivos do cerebro humano. Baséase na investigación das redes neuronais humanas e, a partir de aí, busca copiar electronicamente o funcionamento do cerebro.



O avance na investigación das redes neuronais vai gañando terreo a unha velocidade espectacular. E un exemplo diso é a poderosa computadora *Deep Blue*, que pode vencer a calquera xogador de xadrez, xa que non só ten unha gran cantidade de xogadas programadas, senón que aprende do seu adversario, de modo que é quen de adiantarse ás decisións do seu inimigo e afundir as súas estratexias antes de que prosperen.

As máquinas poden pensar?

A realidade é que se logrou dotar as máquinas de información útil que estas poden usar nun ámbito determinado, pero o pensamento é outra cousa. O noso cerebro posúe arredor de dez mil millóns de neuronas e, se aínda non sabemos exactamente como se interrelacionan para pensar, moito menos poderemos reproducir nunha máquina ese proceso. Hai moitos aspectos que diferencian o cerebro humano dos sistemas desenvolvidos pola intelixencia artificial. Velaquí algúns deles:

- As máquinas carecen de mecanismos intuitivos e baséanse só no método automático de proba e erro. Por iso, non teñen capacidade de reaccionar ante situacións inesperadas nin a posibilidade de xeneralizar acontecementos diversos.

- As máquinas carecen de creatividade, aspecto ata agora totalmente humano.
- A mente humana está provista de valores produto da interrelación social e as máquinas, ao careceren deles, non poden evolucionar nin autoperfeccionarse.

Que podemos agardar no futuro?

Fixéronse moitas predicións do que traería no futuro a aplicación das técnicas de intelixencia artificial e o certo é que algunhas poderían ser realidade en pouco tempo, pero outras parecen francamente especulativas. Así, no terreo das computadoras persoais, a velocidade dun procesador será enorme e a súa memoria inesgotable. Quizais xa non sexan necesarios os monitores, porque serán uns anteollos sen fíos de realidade virtual os que nos mostren como vai quedando o noso texto. Os teclados tamén quedarán obsoletos e quizais poderemos plasmar palabras na memoria da computadora con só imaxinalas, grazas a unha discreta placa (*chip*) adherida á nosa fronte. E, en lugar de usar o rato, poderemos manipular o texto co movemento dos nosos ollos, que será detectado por un inofensivo raio láser.

A rede Internet, que chegará á nosa casa a través dunha cablaxe óptica, transportará inmensas cantidades de información que serán cargadas na nosa computadora en décimas de segundo. Por medio da Rede, poderemos acceder a calquera programa de televisión ou de radio que se transmita en calquera parte do mundo, cunha tradución impecable. Os estudantes terán cada vez máis clases virtuais, nas que accederán directamente aos bancos de información da universidade e comunicaranse cos seus mestres só para resolveren dúbidas ou exames.

Pronto os robots comezarán a desprazar o persoal que nos atende detrás dos portelos, nos aeroportos, nas estacións de ferrocarril, na entrada do cinema... Así, por exemplo, unha máquina poderá perfectamente cambiarnos un cheque e resolver de maneira satisfactoria as dúbidas sobre o estado da nosa conta bancaria.

Os edificios do futuro serán intelixentes. Ao chegarmos á casa, a porta abrirase co son da nosa voz. Sensores dispostos en cada recanto acenderán a luz do cuarto ao que entremos e deixarán ás escuras o que quedou baleiro. A temperatura tamén será regulada pola computadora central. Verbalmente, activaremos a televisión ou calquera outro electrodoméstico conectado á nosa asistente cibernética. Polas mañás, o almorzo que deixamos no microondas comezará a prepararse el só. Ao saír, poderemos estar tranquilos porque a casa estará capacitada para detectar posibles intrusos e, de ser o caso, a alarma activarase á máis mínima insinuación de perigo.

No eido da medicina, é moi probable que en poucos anos robots cirurxiáns realicen complexas intervencións e utilizarán o instrumental cirúrxico coa precisión dunha impresora.

A intelixencia artificial repercutirá na mesma medida en todo o mundo?

Por un lado, todo parece indicar que a intelixencia artificial vai facer que vivamos nun mundo mellor e que teñamos unha vida máis cómoda e doada, pero convén pregun-

tarse se isto será realmente así, e tamén debemos formularnos cuestións como as que seguen: que pasará, por exemplo, coa enorme cantidade de seres humanos pertencentes a ámbitos sociais desfavorecidos económica e socialmente que non teñen acceso á educación nin á tecnoloxía?; farase aínda maior a brecha que existe entre persoas ricas e pobres e entre sociedades desenvolvidas e subdesenvolvidas?; agudizaranse as diferenzas entre os países abastecedores de tecnoloxía e aqueles historicamente dependentes? O certo é que, desde este punto de vista, o escenario non está nada claro. Se conseguimos que todo o planeta se vexa beneficiado, en maior ou menor grao, dos avances e dos logros que poida traer consigo a intelixencia artificial poderemos estar falando dunha verdadeira vitoria, poderemos sentirnos orgullosos diso e poderemos dicir que triunfou a intelixencia humana.

Texto adaptado da Revista de divulgación da ciencia da UNAM

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ Que é a intelixencia artificial? ■ Que diferenzas hai entre o pensamento humano e a intelixencia artificial? ■ Que cambiará no futuro por mor da intelixencia artificial? ■ A intelixencia artificial repercutirá do mesmo xeito en todas as partes do mundo?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicaráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A.** «Os estudantes terán cada vez máis clases virtuais e comunicaranse co seu profesorado só para resolveren dúbidas».
- B.** «Os robots están a desprazar as persoas no eido laboral».
- C.** «Os edificios do futuro serán intelixentes».
- D.** «A intelixencia artificial pode facer que vivamos nun mundo mellor».

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

«Os estudantes terán cada vez máis clases virtuais e comunicaranse co seu profesorado só para resolveren dúbidas»

- Que opina vostede sobre as clases virtuais, a teleformación, os cursos en liña etc.? Cales considera que son as vantaxes e os inconvenientes deste xeito de aprender?
- Parécelle que a formación presencial é máis efectiva? Por que? Considera que é necesario o contacto persoal do alumnado co profesorado? En que medida?
- Considera que este tipo de formación é adecuado para todas as materias e para todos os niveis educativos?
- Pareceríalle unha boa opción combinar o ensino presencial co virtual? Por que?
- Cre que, tal e como indica o texto, as clases nun futuro serán fundamentalmente virtuais ou, pola contra, opina que iso nunca acontecerá?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

«Os robots están a desprazar as persoas no eido laboral»

- Opina vostede que a intelixencia artificial está realmente destruindo emprego? Que tipo de emprego?
- Non lle parece que as novas tecnoloxías, malia que están destruindo emprego, tamén están creando novas oportunidades laborais?
- Non lle parece que hai traballos que nunca poderán ser desempeñados por unha máquina? Por que?
- De que maneira considera vostede que pode o home competir coas máquinas?
- Nun futuro, que cambios cre vostede que ocasionará a evolución da intelixencia artificial no mundo laboral?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

«Os edificios do futuro serán intelixentes»

- Coñece vostede algunha casa intelixente? Gustaríalle vivir nunha vivenda deste tipo?
- Parécelle a vostede que este tipo de vivendas melloran substancialmente a calidade de vida das persoas? Por que?
- Que lle parece que todos os elementos da casa estean conectados a Internet? Non cre que isto nos fai máis vulnerables en termos de seguridade?
- Considera que este tipo de casas favorece o illamento de quen vive nelas?
- Parécelle que, no futuro, a maioría da xente vivirá en casas intelixentes?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

«A intelixencia artificial pode facer que vivamos nun mundo mellor»

- Considera vostede que a intelixencia artificial está a facer que a nosa vida sexa máis doada? E pensa que contribúe realmente a que sexamos máis felices? Por que?
- Parécelle que seremos quen de aproveitar adecuadamente os logros da intelixencia artificial? Por que?
- Cre que só unha minoría terá acceso ás innovacións tecnolóxicas?
- Considera que será unha causa máis que contribúa a agudizar as diferenzas entre clases sociais e tamén entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos? Por que?
- Non lle parece que a intelixencia artificial podería ser unha ferramenta moi efectiva para mitigar esas diferenzas? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?